



REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
 REGISTRO XERAL
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data 06/08/2015 09:36:31

SAÍDA 76492 / RX 1058763



FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS E GREMIOS
DE XOIEROS, PLATEIROS E RELOXEIROS

R/LAVERDE RUIZ, Nº 6-BAIXO DTA
 15702-Santiago de Compostela
 A CORUÑA

NOTIFICACIÓN DA CONCESIÓN DE AXUDAS PARA ÁS ASOCIACIÓNS DE COMERCIANTES SEN FINS DE LUCRO DE AMBITO SUPERIOR AO MUNICIPAL OU FEDERACIÓNS, PARA A REVITALIZACIÓN DO COMERCIO DE PROXIMIDADE E A INCENTIVACIÓN DO CONSUMO A TRAVÉS DO TÍCKET DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL AO ABEIRO DA ORDE DO 11 DE MAIO DE 2015.

Para o seu coñecemento e aos oportunos efectos, notifícolle que con data de 28 de xullo de 2015, o Sr. Conselleiro de Economía e Industria, a proposta da Dirección Xeral de Comercio, ditou resolución de concesión de subvención de conformidade co expresado a continuación:

Nº EXPEDIENTE: 5-IN220A/2015
TOTAL INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE: 37.266,81 €
TOTAL SUBVENCIÓN CONCEDIDA: 26.086,77 €

Contra esta resolución, que é definitiva en vía administrativa, cabe interpoñer recurso potestativo de reposición perante o Conselleiro de Economía e Industria no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa notificación ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen oportuno.

De acordo co artigo 15 das bases reguladoras da Orde do 11 de maio de 2015 (DOG núm. 102 do 02-06-2015) pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2015, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións as asociacións de comerciantes sen fins de lucro, de ámbito superior ao municipal ou federacións, para a revitalización do comercio de proximidade e incentivación do consumo a través do ticket de dinamización comercial (IN 220A), a renuncia á subvención, debidamente motivada, poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo IV, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, o Conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1 da mesma Lei 30/1992.

Segundo establece o artigo 1.3 das bases reguladora da Orde do 11 de maio de 2015, non se consideran actuacións subvencionables aquelas que desenvolvan as federacións en ámbitos territoriais onde exista un centro comercial aberto que fora subvencionado no ano anterior pola Dirección Xeral de Comercio.

Todas as actuacións de dinamización e/ou promoción de vendas (material promocional, publicidade en prensa, radio, televisión, sinalización, etc) deberán referirse as federacións beneficiarias da subvención e non aos seus asociados.

Para acreditar a realización dos investimentos, o beneficiario achegará a seguinte documentación, recollida no artigo 18 das bases reguladoras da Orde do 11 de maio de 2015, en orixinal ou fotocopia compulsada, tendo de prazo para presentala ata o 15 de outubro de 2015:

a) Memoria explicativa de cada unha das accións realizadas.

No caso establecido no artigo 4.2 f) deberá xustificarse expresamente nunha memoria, cando a selección da oferta non responda á proposta económica máis vantaxosa.

b) Xustificantes dos investimentos: facturas dos provedores e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa nos termos que se establezan regulamentariamente, en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto. Acompañarase relación nominativa de facturas agrupadas e ordenadas por actuacións subvencionables, facendo constar para cada documento o seu número de orde, data de expedición, expedidor, concepto, importe en euros e data de pagamento.





A xustificación dos pagamentos acreditarase a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través de Internet se non están validados pola entidade bancaria ou dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica de dita entidade bancaria.

c) Para aquelas actuacións de divulgación, tales como material promocional e publicidade, débese entregar un exemplar de cada un deles.

d) Certificación, do órgano que teña atribuídas as facultades, da aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos.

e) Declaración actualizada de conxunto das axudas solicitadas tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades. Farase mención expresa sobre calquera outra axuda de mínimos recibida durante os dous exercicios fiscais anteriores e durante o exercicio fiscal en curso, así como declaración da entidade solicitante de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, segundo modelo normalizado establecido no anexo III desta orde.

f) Declaración xurada de estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, segundo anexo III desta orde.

g) Certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, no caso que a entidade solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para que solicite de oficio estas certificacións.

h) Información relativa aos indicadores de actuación segundo anexo V desta Orde

2. Transcorrido o prazo indicado sen que a entidade beneficiaria presente a documentación solicitada, aplicarase o disposto no artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

3. Os órganos competentes da Consellería de Economía e Industria poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes. No caso de que non sexan remitidos pola entidade beneficiaria dentro do prazo que se sinala poderá entenderse que renuncia á axuda.

Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de proceder ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

Segundo o artigo 30 da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para as subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, a comprobación material substituirase pola xustificación documental establecida no artigo 18 desta Orde dada a natureza das actuacións subvencionables.

A percepción da subvención terá lugar unha vez xustificado o investimento e a súa adecuación ao proxecto presentado, debendo acreditarse debidamente a realización das actuacións realizadas antes da finalización do prazo de xustificación. No suposto de que o investimento subvencionable sexa inferior ao inicialmente previsto, o importe da subvención minorarase proporcionalmente, sempre e cando estea garantida a consecución do obxecto. En caso de concorrer con outras axudas, aplicarase o establecido no artigo 2.3. da Orde de convocatoria. En calquera caso, a Dirección Xeral de Comercio poderá realizar as comprobacións que considere oportunas respecto ás axudas que conceda e deberá ter acceso a toda a documentación xustificativa das mesmas.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2015

A directora xeral de Comercio

Sol María Vázquez Abeal



IN220A – 2015	FEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓN E GREMIOS DE XOIEIROS, PLATEIROS E RELOXEIROS	
CIF	G15086366	
REPRESENTANTE	OSCAR RODRÍGUEZ BLANCO	
IBAN	ES70 0238 8196 0006 0007 5597	
ASOCIACIÓN	5	
CONTIA DO PROXECTO SOLICITADA	37.266,81	

CAMPAÑA PROMOCIÓN DE VENTA RETALLISTA DE XOIERIA DE GALICA 1-12-14 AL 6-1-15		35.251,81
SORTEO NADAL 2014		2.015,00 €
	NON EXENTOS IVE	
TOTAL INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	LIMITE	37.266,81
TOTAL SUBVENCIÓN CONCEDIDA	70%	26.086,77